A AVENTURA

***[L'Avventura*, Michelangelo Antonioni, 1960, Italia, 145', VOSE]**

Dirección **Michelangelo Antonioni**
Guión **Tonino Guerra, Michelangelo Antonioni, Elio Bartolini**
Fotografía **Aldo Scavarda**
Montaxe **Eraldo Da Roma**
Son **Fausto Ancillai, Paolo Ketoff, Claudio Maielli, Nino Renda**
Elenco **Gabriele Ferzetti, Monica Vitti, Lea Massari, Dominique Blanchar**
Produción **Cino del Duca P.C., Produzioni Cinematografiche Europee, Société Cinematographique Lyre (Italia, Francia)**
Distribución **Avalon**

Durante unha viaxe de pracer en barco por unha illa do Mediterráneo, Anna (Lea Massari) desaparece sen deixar rastro. A súa parella, Sandro (Gabriele Ferzetti), e a súa mellor amiga, Claudia (Monica Vitti), búscana sen éxito até vérense inmersos na súa propia relación sentimental, esquecendo aparentemente a existencia de Anna.

Premio Especial do Xurado no Festival de Cannes 1960.

VINDEIRAS SESIÓNS #NOVEMBRO

MÉRCORES 11.11.2020 ás 11 h
ESTABA NA CASA, PERO... (Angela Schanelec, 2019, Alemaña, 145', VOSG)

MARTES 17.11.2020
A NOITE (Michelangelo Antonioni, 1961, Italia, 122', VOSE)

LUNS 23.11.2020
VITALINA VARELA (Pedro Costa, 2019, Portugal, 124', VOSG)

MARTES 24.11.2020
O ECLIPSE (Michelangelo Antonioni, 1962, Italia, 125', VOSE)

www.facebook.com/cineclubepontevedra · cineclubepontevedra.blogspot.com.es
twitter.com/CineclubePo · instagram.com/cineclubepontevedra

Organiza:

CINECLUBE PONTEVEDRA

Coa colaboración de:

CONCELLO DE PONTEVEDRA · TEATRO PRINCIPAL Concello de Pontevedra · FEDERACIÓN DE CINECLUBES DE GALICIA · AGADIC Axencia Galega das Industrias Culturais · XUNTA DE GALICIA

FS#130
10.11.2020

A AVENTURA

MICHELANGELO ANTONIONI

CINECLUBE PONTEVEDRA

AS AVENTURAS DE *L'AVVENTURA* (MICHELANGELO ANTONIONI)

Hai moitos xeitos de falar dun filme, e hai moitas persoas que poden facelo. Críticos, escritores, filósofos, psiquiatras, espectadores, mesmo pintores e arquitectos. Mais para o autor hai só unha maneira: falar de si mesmo. Pode ser doado ou difícil. Para min, é imposible. Entón, é mellor un relato episódico do que ocorría arredor durante a rodaxe. Por fragmentario ou incompleto que pareza, se cadra é máis explicativo. É así como se fan os filmes?

Podería comezar coa tromba de aire que vimos chegar e empinarse sobre o mar, desaparecendo no alto coma un altísimo cogomelo co sombreiro perdido entre as nubes. Berreille ao operador que trouxese a cámara, axiña, e que rodase. Mais Monica Vitti tiña medo e un dos pescadores que traballaban para nós dixo que el sabía *cortar* a tromba, que o seu pai lle confiara as verbas máxicas da igrexa, unha Noiteboa, moitos anos antes, e en realidade pronunciounas e a tromba esvaeceuse. Enfadeime porque aquela tromba era exactamente o que me ía servir para lle dar misterio á illa, un material plástico formidable, e ao día seguinte quería despedir o pescador, mais non puiden facelo: puxera unha venda arredor da cabeza para protexer do ventos das Eolias unha meixela inchada coma un balón, unha súbita dor de moas que era un castigo de Deus porque o pescador ocupara o seu lugar ao cortar a tromba.

Se cadra debería precisar que todo isto ocorría en Panarea, nas Eolias, e que todas as mañás ía rodar cunha barca sobre un arrecife que se chama Lisca Bianca, a uns vinte minutos de Panarea. Cando o mar estaba calmo, víanse halos de vapor que saían da auga e se disolvían en numerosas burbullas sulfúreas. A borrasca, forza oito ou nove, era constante. Naquel breve traxecto para ir a Lisca Bianca arriscabamos literalmente a vida.

Os barcos suspenderan o servizo e nós comiamos alfarrobas e galletas caducadas. Había coellos na illa, mais estaban enfermos. Nada de cigarros, e tampouco salario. Chegado un determinado momento, os obreiros declaráronse en folga e decidiron regresar a Roma así que os barcos retomasen o servizo. Vímonos na obriga de contratar outros que debían chegar no mesmo barco. Isto sucedeu un mes máis tarde. Os dous grupos atopáronse, e cando o segundo se enterou por medio do primeiro de como estaban as cousas, nin sequera desembarcou. Quedamos seis ou sete, os actores, o operador, o director de produción e os meus axudantes.

Aprenderamos a cargar os focos ás costas e a construír emprazamentos co pico sobre o mar. Unha noite, o mar impediunos regresar a Panarea e tivemos que acampar no arrecife. Mentres tratabamos de embarcarnos, unha ola arrancou a balsa das amarras e empurrouna de lado con dous homes dentro. Pasei a noite mirando aquel inferno que era o mar, co pesadelo daqueles dous á súa mercé. Sentía as olas bater contra os escollos e vía a escuma, iluminada pola lua, subir até min, cun salto de oitenta metros. A balsa atopámola á alba, cos dous homes exhaustos. O ceo estaba sereno, o sol resplandecía; o mar, forza oito.

Lembro tamén a travesía para ir a Lipari para ver o primeiro material rodado, logo de dous meses de rodaxe. Mirabamos como dende o fondo dun val chegaban as olas, e parecía imposible que unha embarcación pequena coma a nosa puidese empolicarse alá enriba. E non obstante conseguíao. Ola tras ola, coma un coche coas curvas. Vimos o material. Pareceume horrendo.

Dende Panarea podíase telefonar. Había dous aparatos de radio, receptor e transmisor, restos de guerra norteamericanos. O motor que lles subministraba enerxía a estes aparatos era dos que funcionaban con manivela, coma os vellos autos. O empregado postal levaba un brazo suxeito ao pescozo, rompérao ao poñer en marcha o motor. Ocorría, así a todo, que calquera que tivese unha radio portátil na illa podía sintonizar a lonxitude de onda do aparato transmisor e escoitar as conversas. Os humores de cadaquén difundíanse polo aire, as calellas de Panarea enchíanse de frases amorosas a todo volume. Ou de insultos. Os meus, a eses de Roma que tardaban en atopar un novo produtor. O primeiro desaparecera coas primeiras dificultades. Pero non me importaba. Tiña comigo vinte mil metros de filme, podía continuar rodando. O meu problema era outro: como contar a verdade do filme e ao tempo omitir aquelas outras que pululaban polas marxes, que empurraban con tal forza?

L'Avventura é un filme amargo, a miúdo doloroso. A dor dos sentimentos que rematan ou dos que se entrevé o final no intre mesmo en que nacen. Todo contado cunha linguaxe que tratei de despoxar de efectos. Din que o filme «artéllase sobre un ritmo distendido, en relacións de espazo e tempo que se adhiren á realidade». Non son palabras miñas. Para dicir estas cousas teño poucas palabras ao meu dispor. Poñerei un exemplo.

Ao ver o filme, todos se preguntan: onde foi parar Anna? Había unha escena no guión, cortada despois non lembro por que, en que Claudia, a amiga de Anna, está cos demais amigos na illa. Están barallando todas as posibilidades sobre a desaparición da moza. Mais non hai respostas. Logo dun silencio alguén di: «Se cadra só afogou». Claudia vólvese de súpeto: «Só?». Todos se miran asustados. Este asustárense é a connotación do filme.

ANTONIONI, M (2002): *Para mí, hacer una película es vivir*. Barcelona: Ediciones Paidós.
Tradución ao galego: Cineclube Pontevedra.